

PROCEDIMENTO DE DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS ENTRE O ALUMNADO DO CEIP PIÑEIRO

Comunicamos a todas as familias que a Consellería de Educación realizará unha achega complementaria, procedente do Fondo de Reserva de Garantía Educativa, para que os centros docentes afronten no curso 2021/22 a cobertura das novas necesidades sanitarias derivadas da COVID-19, entre outras, a adquisición de máscaras para o alumnado matriculado nos niveis de ensino obrigatorio e educación especial. A normativa que a recolle é a *Orde do 28 de outubro de 2021 pola que se regulan os criterios e o procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes públicos dependentes desta consellería e en centros privados concertados no curso 2021/22 (código de procedemento ED330E)*.

Alumnado destinatario.

- Alumnado que fose beneficiario da axuda para adquirir material escolar no curso 2021/22. **O alumnado que fose beneficiario da axuda para adquirir material escolar no curso 2021/22 non terá que presentar solicitude.**
- O alumnado que non fose beneficiario da axuda de material escolar no curso 2021-2022 que cumpra algunha das seguintes condicións:
 - . Que pertenza a unha familia cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €.
 - . Alumnado matriculado en educación especial.
 - . Alumnado suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia.
 - . Alumnado cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.

Renda per cápita da unidade familiar.

Cando se presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no **exercicio fiscal 2019**, sumaranse a base imponible xeral (**recadro 435**) e a base imponible de aforro (**recadro 460**). O resultado dividirase entre o número de membros computables da unidade familiar, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

Cando non se presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2019, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos.

Membros computables da unidade familiar.

- Os pais non separados legalmente nin divorciados.
- Os fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- Os fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade.
- Os fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado, agás nos casos de custodia compartida.
- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Importante: Terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a **31 de decembro de 2019**, agás no relativo á violencia de xénero.

Non terá a consideración de membro computable.

- A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- O agresor nos casos de violencia de xénero.

Quen debe presentar solicitude?

As familias que non presentaron solicitude de material escolar en tempo e forma ou resultaron excluídas.

Presentación de solicitudes.

A solicitude será única para todos os fillos/as que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2021/22. Se están admitidos en centros docentes distintos, presentarase unha solicitude en cada un dos centros.

As solicitudes deberán presentarse presencialmente no centro docente onde estea matriculado o alumno utilizando os formularios normalizados.

Onde está dispoñible o formulario?

- Na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>
- No centro docente
- No portal educativo: <http://www.edu.xunta.gal>

Documentación que hai que presentar.

- Solicitude (anexo I).
- Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- Copia do libro de familia ou documento equivalente.
- En caso de separación ou divorcio: sentenza xudicial ou convenio regulador.
- Nos casos especiais nos que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no apartado sobre os membros computables da unidade familiar, deberase aportar certificado ou volante de convivencia ou informe dos servizo sociais.
- Certificado do grao de discapacidade do alumno/a ou de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- No caso de violencia de xénero: documentación xustificativa.
- Resolución xudicial de incapacitación.
- Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento.
- Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órganos equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que os pais carezan de DNI ou NIE.

Non será necesario achegar os documentos que xa presentase a persoa interesada xunto á solicitude de material escolar do curso 2021/22.

Prazo para presentar solicitudes.

Ata o 26 de novembro.

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os seguintes datos: DNI ou NIE, declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou certificado tributario de imputacións no exercicio 2019, certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia, percepción de pensión por incapacidade, por clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no formulario e achegar os documentos.